

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Juan Manuel Fajardo Recouso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A pesar de que este Grupo Parlamentar ten amosado a súa desconformidade en numerosas ocasións ao respecto do destino dos fondos manexados polos Grupos de Acción Costeira, xa que non sempre se acomodan os obxectivos plantexados polo Fondo Europeo marítimo e de pesca, como poden ser a súa utilización para axudar os pescadores na transición cara unha pesca sostible ou para mellorar o emprego e a calidade de vida das zonas costeiras, existen potencialidades que deben ser utilizadas con criterio por partes destes grupos; potencialidades, que futuras decisións políticas poden poñer en risco.

Por todo isto, o deputado do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Ten previsto a administración pular por unha modificación da estrutura territorial dos actuais grupos de acción costeira?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.



**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/01/2015 12:41:20**